

**A C T A 6/2022**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 25 DE MAIO DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de maio de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D. José Manuel Elías Noya  
D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Non asisten, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO 01.03.22 E ORDINARIA DO 30.03.2022**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 529/22 á RES 666/22)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE CONTROL INTERNO EXERCICIO 2021**
- 4.- DACIÓN DE CONTA DOS RESULTADOS DA LIQUIDACIÓN 2021**
- 5.- COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A INSTALACIÓN DE PANEIS DE COMUNICACIÓN SOCIAL**
- 7.- MOCIÓNS**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva, e da concelleira do BNG, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González, sinalando que non poden asistir ao Pleno por distintos motivos.

A continuación pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO 01.03.22 E ORDINARIA DO 30.03.2022.**

### Acta da sesión extraordinaria do 1 de marzo de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 1 de marzo de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### Acta da sesión ordinaria do 30 de marzo de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 529/22 á RES 666/22).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de abril de 2022 ata o 19 de maio de 2022, que comprenden os números 529/22 ao 666/22, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE CONTROL INTERNO EXERCICIO 2021.**

O sr. alcalde da conta do informe de Intervención, de 25 de abril de 2022, sobre control interno exercicio 2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DOS RESULTADOS DA LIQUIDACIÓN 2021.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación 2021, segundo o documento incorporado no expediente, que se recolle a continuación.

### “DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2021, có seguinte resumo:

#### 1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

##### **A) RESULTADO ORZAMENTARIO**

##### 1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

##### a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	13.658.178,55
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	12.095.564,21
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 1</b>	<b>1.562.614,34</b>

##### b) Operacions de capital

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.372.629,02
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.133.792,16
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 2</b>	<b>-1.761.163,14</b>

**Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2).....-198.548,80€**

##### 2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

##### a) activos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.3</b>	<b>0.00</b>

##### b) pasivos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	594.407,26
----------------------------	------------

-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	282.859,56
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.4</b>	<b>311.547,70</b>

**Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....311.547,70€**

**RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2021.....112.998,90€**

**Axustes:**

- 1.-Desviacións imputables **negativas (+).....594.233,49€**
- 2.-Desviacións imputables **positivas (-).....510.674,25€**
- 3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTX, fase O.....0.00€

<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2021</b>	<b>196.558,14€</b>
---	--------------------

**2.-REMANENTE DE TESOURERÍA**

<b>1. (+) FONDOS LÍQUIDOS</b>		<b>748.679,02</b>
<b>2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>2.832.552,81</b>
(+) del Presupuesto corrente	905.596,66	
(+) de Presupuestos cerrados	1.534.659,82	
(+) de operacións no presupuestarias	392.296,33	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.120,60	
<b>3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO</b>		<b>1.910.998,68</b>
(+) do Presupuesto corrente	1.137.321,24	
(+) do Presupuestos cerrados	317.996,06	
(+) de operacións no presupuestarias	455.681,38	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	103.419,44	
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)</b>		<b>1.754.531,99</b>
<b>SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)</b>		<b>-1.191.547,62</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)</b>		<b>-394.317,34</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)</b>		<b>168.667,03</b>

**3.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO**

A) Dereitos Recoñecidos Netos por Capítulos 1 a 5 liquidación orzamento 2021		13.658.178,55
B) Obrigas Recoñecidas por Capítulos 1,2 e 4 liquidación orzamento 2021		12.091.911,40
C) Anualidade Teórica de Amortización Total		483.551,61
D) OR correspondientes a modifí credito financiadas con RLTX		0,00
	Aforro Bruto	1.566.267,15
	Aforro Neto	1.082.715,54
	Porcent. débeda s/dtos. Líquid.	30,38%

**4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA(SUSPENSION DE REGLAS FISCAIS EN 2021)**

**ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: INCUMPRIMENTO**

**REGLA DE GASTO: INCUMPRIMENTO**

**SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA: CUMPRIMENTO**

---

Teo, 3 de maio de 2022.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira “

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Sendo as vinte horas e tres minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela.

**5.- COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde sinala que entenden que a comparecencia é para clarificar en que punto se atopa o proceso de cubrir o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e tamén con que orientación se traballa. Sinala que se vai con certo retraso, porén trátase de decisións importantes as que hai que tomar, tal e como se ten falado nalgunha Comisión, engadindo que unha das cuestións importantes a decidir é o sistema de xestión.

Procédese a realizar a comparecencia polo sr. alcalde en base a unha presentación que se proxecta no Salón de Plenos e que se recolle a continuación.

**“COMPARECENCIA ALCALDÍA PLENO MAIO 2022 SISTEMAS DE XESTIÓN**

- a) LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN mediante procedemento ABERTO do “Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do concello de Teo”.

Definida nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas, que toman como base a licitación do contrato do ano 2010 coas correccións oportunas

- Recollida selectiva de todas as fraccións (orgánico, resto, plástico, vidro, papel, pilas, ...) e traslado ás plantas de transferencia
- Limpeza viaria
- Xestión do punto limpo

## b) XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO

Asumida pola propia administración local (sen organismos autónomos), incluída a xestión de cobros.

Exclúese a xestión do punto limpo e a recollida de elementos valorizables, que deberan ser obxecto dunha licitación diferenciada para a súa xestión privada.

The screenshot shows the Ecovidrio website with a navigation bar at the top containing links for 'Para Administraciones Públicas', 'Para envasadores', 'Para hosteleros', 'ES / EN', and 'Acceso privado'. Below the navigation bar are menu items: 'RECICLAJE', 'ASÍ FUNCIONA EL SISTEMA', 'TRABAJAMOS EN', 'MOVILIZACIÓN', and a search bar. The main content area features the heading 'Especialistas en recogida' and a sub-heading 'Hace décadas tomamos una decisión estratégica: gestionar directamente la recogida selectiva de envases de vidrio donde el ente local lo desea. Hoy es una de nuestras fortalezas.' Below this, it states 'Ofrecemos dos alternativas de gestión:' and presents two options: 'Ecovidrio recoge' (where Ecovidrio handles collection directly) and 'Ecovidrio financia' (where Ecovidrio finances the service). A footer note mentions 'En las dos modalidades ofrecemos soluciones a medida: acciones con el sector hostelero, estudios de contenerización, iniciativas de mejora y planes de refuerzo.'

### **A metodoloxía para establecer o sistema máis eficaz de xestión é comparativa:**

**O goberno municipal é firme partidario da xestión directa do servizo. Intentaremos convencer e conseguir os apoios necesarios para que así sexa**

**En todo caso:**

***O estudo de custos definirá coa máxima precisión posible os custos reais que o concello tería que soportar para dar o servizo de recollida de RSU e limpeza viaria de forma directa e, consecuentemente, en función dese resultado, establécese o tipo económico base para que unha licitación para a concesión do servizo resultase eficaz economicamente e financeiramente sostible para o concello.***

**Se así o decide a maioría optarase pola licitación pública do contrato, pero o prezo non debera ser superior ao custo da xestión directa (e menos nun servizo tan deficitario).**

## **O SERVIZO**

Este servizo que comprende a recollida e transporte á planta de transferencia das distintas fraccións de residuos, só pode afondar na orientación xa deseñada e asumir, en distintas fases ou proxectos, novas recollidas selectivas. Neste sentido, **a recollida separada da fracción orgánica é prioritaria dende o punto de vista medioambiental, ademais de ter repercusións económicas moi importantes** pola porcentaxe en peso que supón da ata agora chamada fracción resto.

### **1. Instalación, mantemento, conservación e limpeza de contedores.**

A dotación actual de contedores é a seguinte:

- 248 contedores de 2.400 litros de carga lateral (fracción RESTO, zona URBANA, recollida diaria)
- 490 contedores de 800 litros, de carga traseira (fracción RESTO, zona RURAL, recollida alterna)
- 205 contedores de 2.400 litros de carga lateral (ENVASES LIXEIROS, zona URBANA, recollida diaria)
- 216 contedores de 800 litros, de carga traseira (ENVASES LIXEIROS, zona RURAL, recollida alterna)
- 84 contedores de 2,5 m<sup>3</sup>, recollida de VIDRO, de carga superior (50 na zona urbana, 34 na zona rural)

Unha dotación moi parella de contedores de carga superior para recollida de PAPEL e CARTÓN, (Servizo prestado por COREGAL)

Ademais contamos con 3 illas de contedores soterrados que dan servizo de recollida as fraccións resto, envases, cartón e vidro)

Non existen contedores específicos para a recollida de ORGÁNICO.

#### **ALTERNATIVA 1**

Propónse un novo modelo de contedores para a zona URBANA, que no período de un ano deberán ser completamente substituídos. Estableceranse illas de contedores modulares semisoterrados (90/160), de recollida superior de dobre gancho ou



Kinshofer, sen automatismos nen mecanismos de carga, con cubetas incorporadas para lixiviados, de 5 ou 3 m<sup>3</sup> de capacidade segundo as necesidades.

Este cambio suporá reducir a dispersión, concentrar as zonas de recollida, aumentar a capacidade e reducir a frecuencia de recollida, que pasará a ser alterna. Os contedores orgánicos serán de acceso intelixente.

No mesmo período deberase proceder a renovación total do resto dos contedores existentes na zona RURAL que, ademais, deberán completarse ata conseguir que, como mínimo, en todos os núcleos definidos polo INE exista como mínimo un contedor de vidro, e outros de papel, cartón e pilas.

O **mantemento, conservación e limpeza** de todos os contedores definirase con detalle no prego de prescricións técnicas.

A instalación de contedores para a recollida selectiva de ORGÁNICO realizarase en función do programa de desenvolvemento que se especifica no apartado 3.2.1., partindo que toda nova dotación de contedores incorporará o de recollida de material orgánico.

Máxima integración estética con el entorno

**Composite**

- negro noche
- gris piedra
- gris perla
- marrón castaño

**Aluminio**

- aluminio anodizado
- aluminio lacado

**NUEVO ACABADO IMPRESO**  
polipropileno impreso

Calidad fotográfica para plasmar cualquier diseño en los contenedores.

fidencial



Confidencial

### Reducción de emisiones y malos olores




### Separación efectiva del lixiviado




### Residuo aislado del entorno



### Secado natural



CONFIDENTIAL



## ALTERNATIVA 2

Reposición e renovación de todos os contedores deteriorados, prevendo a renovación total no prazo de dez anos que se fixan como posible duración dun contrato externo.

Completar a instalación de contedores de recollida selectiva de xeito que, como mínimo, en todos os núcleos definidos polo INE exista un contedor de vidro, e outros de papel, cartón e pilas.

O **mantemento, conservación e limpeza** de todos os contedores definirase con detalle no prego de prescricións técnicas.

A instalación de contedores para a recollida selectiva de **ORGÁNICO** realizarase en función do programa de desenvolvemento que se especifica no apartado 3.2.1.

## 2. Recollida e transporte a xestor dos RSU

2.1. Recollida selectiva de **residuos orgánicos** e traslado á planta de transferencia ou a planta alternativa

Segundo o modelos existentes, propónse uha actuación combinada:

- Compostaxe comunitaria (urbanizacións)

Iniciaríase progresivamente tras campañas de concienciación e seguemento nas seguintes zonas: Augas Mansas, Campos de Mirabel, Verxeles, parque Montouto, San Sadurnño e Tilos.

Nunha segunda fase estenderíase ao resto da zona urbana mediante recollida en colector con chave

- Compostaxe individual (composteiros no rural)
  - Reparto de colectores a persoas comprometidas nas campañas de concienciación e colaboración
- Recollida en orixe: supermercados, cociñas de colexios e residencias
  - 2.2. Recollida da **fracción resto** e traslado á planta de transferencia
  - 2.3. Recollida selectiva de **envases lixeiros** e traslado á planta de transferencia
  - 2.4. Recollida selectiva de **fracción vidro** e traslado á planta de transferencia
  - 2.5. Recollida selectiva de **papel e cartón** e traslado á planta de transferencia
  - 2.6. Recollida selectiva de **pilas**
  - 2.7. Recollida de voluminosos
  - 2.8. Recollida de residuos vexetais
  - 2.9. Recollida de animais mortos
  - 2.10. Recollida e limpeza de vertedoiros incontrolados

### 3. Limpeza viaria

- 3.1. Varrido manual
- 3.2. Varrido mecánico
- 3.3. Varrido de mantemento (domingos e festivos con retén de garda)
- 3.4. Baldeo – rega mecánica
- 3.5. Roza de vexetación no borde das sendas e beirarrúas
- 3.6. Limpeza e valeirado de papeleiras
- 3.7. Limpeza de mercados e eventos
- 3.8. Limpeza de festas populares
- 3.9. Limpeza de marquesiñas
- 3.10. Limpeza de sinais e cartelería municipal
- 3.11. Limpeza de áreas naturais e recreativas

O prego de prescricións técnicas definirá con detalle as frecuencias e características de cada un destes apartados

Zonas de varrido na actualidade

Urbanización Os Tilos (zona alta de edificios e parque)	Diaria
Urbanización Os Tilos (zona baixa de casas unifamiliares)	Cada 2 días
Urbanización San Sadurniño	Cada 2 días
Urbanización Os Verxeis	Cada 2 días
Urbanización Augas Mansas	Cada 2 días

Urbanización Campos de Mirabel	Cada 2 días
Urbanización Val da Ramallosa, urbanización A Ramallosa e da urbanización lateral do pavillón deportivo	Cada 2 días
Urbanización de Ameneiro (detrás do Rest. Cierzo Blanco)	Cada 2 días
Beirarrúas da zona urbana Montouto-Cacheiras, dende o centro médico ata a entrada aos Tilos	Cada 2 días
Rotondas das Viñas ata límite co Milladoiro (Ames)	Cada 2 días
Ramais con beirarrúas da AC 841, en Cacheiras	Cada 3 días
Beirarrúas dende a Casalonga ata a rotonda de Picalgaio	Cada 3 días
Beirarrúas das rúas Ledín e da Fonte	Cada 3 días
Beirarrúas na nova urbanización de Balcaide	Cada 3 días
Beirarrúas do Ferreiriño	Cada 3 días
Beirarrúas de Insua, Bustelo e Nespereira (Luou)	Cada 3 días
Beirarrúas de Fornelos, do Pazo e de Bouñou (Rarís)	Cada 3 días
Beirarrúas de Calo (dende Cesar ata Balcaide)	Cada 3 días

Beirarrúas de Texexe	Cada 3 días
Beirarrúas de Vilar de Calo	Cada 3 días
Beirarrúas de Rarís (proximidades da igrexa)	Cada 3 días
Beirarrúas de Luou (proximidades da igrexa)	Cada 3 días
Beirarrúas de Oza (núcleo parroquial e zona nova de Catro Camiños)	Cada 3 días
Beirarrúas de Solláns	Cada 3 días
Beirarrúas de Pontevea e Reis (campo da festa e campo de fútbol)	Cada 3 días
Beirarrúas da Pedreira, da estrada de acceso ao paso elevado da vía e ata o límite con Ames en Vilaverde	Cada 3 días
Beirarrúas de Teo	Cada 3 días
Estrada Catro Camiños- Verxeis	Cada 3 días



Retirada de restos impactantes á vista no resto das estradas e camiños	Cada 15 días
O prego técnico definirá a incorporación de novas zonas de varrido, eamén as novas sendas peonís. Establecerá necesariamente unha brigada de limpeza rural dedicada en exclusiva á limpeza dos núcleos e as súas contornas.	

## EVOLUCIÓN HISTÓRICA DOS INGRESOS POR RECADACIÓN DO SERVIZO

Recóllense os datos dos padróns anuais do servizo e, coma contraste e dato práctico, a recadación efectiva reflectida na liquidación do exercicio.

Nos últimos cinco anos, a evolución de ingresos por recadación ás persoas usuarias do servizo foi:

Ano	Recadación prevista (padrón)	Recadación efectiva (liquidación)	Número de persoas fis/xurid abonadas
2017	608.238,25	593.810,37	8.712
2018	610.806,59	622.786,82	8.753
2019	608.774,14	577.946,80	8.758
2020	608.102,98	559.293,06	8.755
2021	608.476,85	604.756,69	8.750

As disfuncións na recadación efectiva respecto do previsto no padrón, mesmo superando nalgún ano o inicialmente previsto, débese á recadación executiva de exercicios precedentes. Contabilízase o realmente ingresado nese exercicio, corresponda ao padrón actual ou ao de anos previos.

Consecuentemente a **eficacia recadatoria** non pode valorarse anualmente. No período analizado correspondente aos cinco últimos exercicios, sitúase no **97,18%**, unha cifra que pode considerarse moi positiva

### Tarifas. Evolución e comparativa

As tarifas vixentes foron publicadas no BOP núm. 241, do 21 de decembro de 2011, sen modificacións posteriores, polo que están conxeladas dende hai unha década.

A comparativa con concellos limítrofes reflíctese na seguinte táboa, na que se sinalan as taxas anuais por recollida de RSU en vivendas:

	Ames	Brión	Padrón	Santiago	Vedra	TEO
--	------	-------	--------	----------	-------	-----

Urbana	75,79 €	93,44 €	64,67 €	74,04 €	68,00 €	68,00 €
Rústica	75,79 €	93,44 €	43,17 €	74,04 €	68,00 €	47,00 €

Máis alá de manter unhas tarifas máis baixas que a media dos outros concellos (un 10% máis baratas con respecto á media en zona urbana e un 33% máis barata na zona rústica), cómpre salientar a anomalía de que siga a existir unha tarifa diferenciada para a zona rural e a zona urbana, algo común en varios concellos nos primeiros anos deste século pero que co paso do tempo foi desaparecendo.

No concello de Teo resulta especialmente inxusta, xa que vivendas dun mesmo lugar, que utilizan o mesmo contedor e teñen as mesmas frecuencias de recollida, pagan tarifas diferentes en función, exclusivamente, da catalogación do solo no que asenta a vivenda no

PXOM.

### EVOLUCIÓN HISTÓRICA DOS CUSTOS DO SERVIZO

Tómase como punto de partida desta evolución histórica o ano 2017, intermedio no período contractual, e que permite unha perspectiva de cinco anos suficiente para avaliar a evolución dos custos.

Trátase pois de determinar o custo real do servizo para o concello durante os últimos cinco anos, incluíndo o pagado á empresa concesionaria, o custo pagado polo tratamento en SOGAMA e os custos de recadación por estar este servizo delegado na Deputación.

Ano	Importe pagado á concesionaria	Importe pagado a SOGAMA	Custo da recadación	Custo total do servizo
2017	619.185,88	456.521,63	28.265,37	<b>1.103.972,88</b>
2018	634.785,78	455.355,99	29.644,65	<b>1.119.786,42</b>
2019	640.546,37	384.620,83	27.510,26	<b>1.052.677,46</b>
2020	609.906,91	440.917,55	26.628,23	<b>1.077.452,69</b>
2021	615.301,95	516.114,27	28.786,42	<b>1.160.202,64</b>

NOTA: As cantidades pagadas a SOGAMA presentan certas irregularidades porque en determinadas anualidades houbo que asumir penalizacións correspondentes ao exercicio anterior. Nas táboas recóllese o dato real do pagado cada ano independentemente do concepto.

As variacións no importe pagado á empresa concesionaria débense ao momento no que esta presenta as facturas do mes de decembro. Dependendo da data páganse nese ano ou no seguinte.

Consecuentemente, para que a xestión directa polo concello sexa, tal e como establece o artigo 86.1 da LBRL, conveniente e oportuna, **o custo de xestión de sevizo debe ser inferior a 1.100.000€/ano, sempre que se manteñan as mesmas frecuencias de recollida e as mesmas zonas de limpeza viaria.** Deste xeito garántese un servizo eficaz economicamente e responsable dende o punto de vista da interlocución coas persoas usuarias, xa que permite a toma de decisións directas.

**Comparativa licitacións últimos anos:**

	TEO 2010	NARÓN	PORRIÑO	AMES	LUGO
<b>Poboación</b>	19.000	40.000 Teo x 2	20.000 Teo x 1	33.000 Teo x 1,5	98.000 Teo x 5
<b>Lugares</b>	133	155 Teo +22		114 Teo-20	
<b>Recollida e traslado RSU</b>	SI	SI	SI	<b>NON</b>	SI
<b>Xestión punto limpo</b>	<b>NON</b>	SI	SI	SI	SI
<b>Limpeza viaria</b>	SI	<b>NON</b>	Só urbana	SI	SI
<b>Desbroce</b>	NON	NON	Só rural	NON	NON
<b>Pago SOGAMA</b>	NON	NON	<b>SI</b>	NON	NON
<b>Substitución contedores</b>	SI	100%	So manter e completar	<b>NON</b>	100%
<b>Persoal</b>	11	49		23	
<b>Anos contrato</b>	10	10	8		10
<b>Custo anual</b>	684.160	2.760.839	1.260.000	1.064.223	12.860.000
					0



<b>Custo corrixido COMPARABLE</b>	<b>684.160</b>	<b>1.250.000</b> (*1)	<b>1.070.000</b> (*2)	<b>700.000</b>	<b>2.400.000</b>
---------------------------------------	----------------	--------------------------	--------------------------	----------------	------------------

Aproximación. Limpeza viaria: 250.000 + xestión punto limpo: 100.000

(\*1) Narón: Axustamos a poboación, descontamos xestión punto limpo (100.000) e equipamos desbroce a limpeza viaria no rural

(\*2) O Porriño; Descontamos xestión punto limpo (100.000) e pago a SOGAMA (440.000) e sumamos limpeza viaria (250.000)

Ames e Lugo: Non equiparables por disparatados en prezo

Se temos en conta que O Porriño non fai substitución de contedores e en Narón si, poderíamos tomar como referencia do prezo de licitación en procesos realizados noutros concellos os últimos anos:

**1.100.000/ano** (sen substitución de contedores)

**1.300.000/ano** (con substitución contedores similares actuais)

## EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA

A evolución dos resultados económicos do servizo durante os últimos cinco anos é como se reflicte na seguinte táboa:

<b>Exercicio</b>	<b>Recadación efectiva</b>	<b>Custo total do servizo</b>	<b>Resultado económico</b>
2017	593.810,37	1.103.972,88	<b>-510.162,51</b>
2018	622.786,82	1.119.786,42	<b>-496.999,60</b>
2019	577.946,80	1.052.677,46	<b>-474.730,66</b>
2020	559.293,06	1.077.452,69	<b>-518.159,63</b>
2021	604.756,69	1.160.202,64	<b>-555.445,95</b>

O **déficit medio** do servizo nos últimos cinco anos foi de **-511.099,67€**

## ANÁLISE DOS CUSTOS DO SERVIZO 1. Custos iniciais de posta en marcha do servizo

A relación de material aportado pola concesionaria no ano 2010, pode ser un bo punto de partida:

### 3 MAQUINARIA OFERTADA

A modo de resume dos TOMO 1 e 2, vamos a facer unha relación - resume dos vehículos e maquinaria ofertada:

MAQUINARIA PROPIA DO SERVIZO DE NOVA ADQUISICIÓN		ACTIVIDADES A REALIZAR	IMPUTACIÓN
ud			
1	CRC de carga lateral de 23m3	Recollida de fracción RESTO E ENVASES	100,00%
1	CRC de carga traseira de 20m3	Recollida de fracción RESTO E ENVASES	100,00%
1	Furgoneta	Desplazamientos equipos y personal	100,00%
1	Hidrolimpiadora	Limpezas de marquesinas e varios.	100,00%
1	Conductor RSU	Conductor varios e Barredora	100,00%
1	Soplador	Limpeza viaria	100,00%
4	Carritos portacubos	Limpeza viaria	100,00%
1	Desbrozadora	Limpeza de cunetas	100,00%

MAQUINARIA PROPIA DA UTE A DISPOSICIÓN DO CONTRATO		ACTIVIDADES A REALIZAR	IMPUTACIÓN
Ud			
1	Camión caixa aberta grua	Recollida de voluminos e vidro, e varios.	20,00%
1	Camión cisterna de 8m3	Baldeo e rega de ruas e beirarúas	10,00%

### 2. Custos de persoal

Tómase como referencia o persoal adscrito pola concesionaria (GESECO-CESPA TEO) ao servizo no concello de Teo durante os últimos anos. Por acordo da Comisión municipal de estudo increméntanse en dúas as persoas adicadas á limpeza viaria, unha como reforzo na zona urbana e outra destinada en exclusiva á zona rural.

Os salarios estimados son os que corresponden a cada categoría segundo o convenio vixente. A título informativo e comparativo detállanse noutra columna os custos que suporía o servizo en xestión directa ese ás persoas traballadoras se lles aplicase o “Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo”

Núm.	Categoría traballador	Categoría	Salario bruto convenio (*1)	Salario bruto Ac. transitorio (*2)
1	Encargado/a xeral	A2 N22	24.722,49	24.722,49
4	Condutores/as	C2 N18 Of. 1ª	17.940,57	18.949,62
1	Capataz RSU	C2 N16 Of. 1ª	17.940,57	18.949,62
1	Peón RSU	C2 N16 Of. 2ª	17.181,86	17.895,81
1	Oficial limpeza viaria	C2 N16 Of. 1ª	17.672,92	18.949,62
3	Peóns limpeza viaria	C2 N16 Of. 2ª	17.181,86	17.895,81

(\*1): Salario actualizado 2022 segundo convenio GESECO-CESPA vixente ata o 31 de decembro de 2023. Conceptos salariais incluídos: salario base, plus penoso, plus responsabilidade, plus nocturnidade e tres pagas extras. Non recoñece antigüidade.

(\*2): Por simplificar, asúmese xa o máximo do 80% do convenio municipal.

Persoal mínimo de nova contratación:

Núm.	Categoría pers. traballadora	Categoría	Salario bruto convenio	Salario bruto Ac. transitorio
2	Oficiais limpeza viaria	C2 oficial 2ª	17.672,92	18.949,62

En función destes datos, os custos totais do persoal do servizo, serían:

	Salario bruto convenio	Salario bruto Ac. transitorio
Retribución persoas traballadoras (13)	236.171,14	247.902,69
Custos de Seguridade Social	77.936,61	81.807,89
<b>TOTAL</b>	<b>314.108,15</b>	<b>329.710,58</b>

## CRONOGRAMA

**8 de xuño:** remisión *Estudo de custos*

**22 de xuño:** debate e toma de decisións en xunta de portavoces

**Pleno de xullo:** Acordo (en función do determinado na xunta de portavoces)

a) Procedemento de licitación: Comezo da nova concesionaria o 01/01/2023

b) Asunción da xestión directa o 01/10/2022

Sendo as vinte horas e trinta e seis minutos remata a comparencia do sr. alcalde.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que non ten nada que dicir.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que debe de ser o día da marmota, pois os mesmos datos expostos pasounos o sr. alcalde entre xaneiro e febreiro. Sinala que pensou que con isto de pedir unha comparecencia polo menos se achegaría un estudo de custos, pero se volve ensinar o mesmo doutras veces, que incluso xa se levara á Xunta de Portavoces. Lembra que na última vez, con estes mesmos datos, ela xa comentara a posibilidade de ir a un mecanismo de mercado, facer unha consulta, que é un mecanismo que ofrece a Lei de Contratos e que se está usando por moitas Administracións, e non só para saber cales serían os custes ou a valoración, senón para ideas de xestión por parte das empresas que se dedican a iso, sobre todo cando está a cambiar a normativa. Salienta a sra. Lemus que actualmente ademais hai poucos casos de concellos nos que o seu contrato estea adaptado á nova normativa de recollida de residuos en fracción orgánica sobre todo.

Di a sra. Lemus que se refire non só aos datos dos custes laborais que presenta o sr. alcalde, senón tamén ás ideas das taxas e comparativas con outros concellos. Reitera que se está no mesmo punto no que se estaba a finais de xaneiro, con pouco éxito, e agora está vendo que o que vai facer o sr. alcalde é remitir os custes o 8 de xuño para que o 22 se leve a Pleno.

Lembra a sra. Lemus que o sr. alcalde no Pleno do 3 de xuño de 2020 explicou que *“como se comentou na Comisión Informativa, o contrato remata o 2 de agosto, engadindo que se trata dun proceso que polo montante ten regulamentación europea cuns prazos complicados”*.

Di a sra. Lemus que neste caso resúltalle raro o feito de que, tendo en conta que supostamente se aproba en xullo, e posto que ten que ir a un contrato harmonizado, non sabe se van a dar os prazos, engadindo que ese xa sería outro tema.

Refírese a sra. Lemus á intervención do sr. alcalde, no Pleno do 3 de xuño de 2020, e sinala que segundo a acta do citado Pleno o sr. alcalde *“salienta que a idea é abrir un proceso de forma inmediata, no que se discuta de todo, conxuntamente e xa, este mes ou o seguinte, porque antes de final de ano se queren ter tomadas todas as decisións,*

*estando abertos a discutir o que sexa preciso para sacar conxuntamente unha proposta...Explica o sr. alcalde que polo tanto proponse facer unha prórroga dun ano, co obxecto de iniciar ese proceso de contacto, de concreción e de debate”.*

Sinala a sra. Lemus que, en relación a esa prórroga, nese Pleno fora aprobada por unanimidade das persoas asistentes.

De seguido a sra. Lemus da lectura a un fragmento da acta do 31 de marzo de 2021, segundo a cal “...sinala que a finais do mes de abril haberá a primeira reunión porque hai que valorar todo, xa que se vaia a vía dun concesionario ou a unha xestión directa ten que estar todo decidido como moito en febreiro, porque se trata dun contrato harmonizado, para poder poñelo en práctica cando remate a prórroga, que vai ata o 1 de agosto de 2022”.

A sra. Lemus manifesta que é o mes de maio e segue sen estar. Di que claramente vai quedar o contrato en precario porque non hai máis posibilidades, xa se faga a licitación como ou se asuma a xestión directa, ánimo co que segue o sr. alcalde, e así o contrato vai quedar en precario como mínimo dous meses ou algo máis.

Di a sra. Lemus que lle parece moi correcto que o sr. alcalde lance a idea de que se se saca a licitación ten que ser co custe da xestión directa, engadindo que deberían de ser conscientes do que implica a licitación, que é o IVE, beneficio industrial e gastos xerais, porque todo contrato ten que telo.

Pensa a sra. Lemus que xa de primeiras dicir que unha licitación ten que ir polo mesmo importe implica que non estamos aplicando a normativa de contratación, co cal estase partindo de datos totalmente diferentes. Explica que tratándose do custe de execución material, a día de hoxe, o único que hai claro é que o alcalde fixo a comparativa con concellos principalmente de goberno socialista, o cal está ben, aínda que o contrato de Ames é do 2006, porén as comparativas tampouco serven para saber cales van a ser os custes económicos.

Sinala a sra. Lemus que hai varios datos e dende xaneiro o sr. alcalde os lanza e agora seguimos cos mesmos datos. Supón que agora o 8 de xuño enviaralles os custos para que en 14 días tomen unha decisión, cando el leva dende febreiro de 2020 debatendo,

supón que con el mesmo, se leva a xestión directa ou indirecta con licitación no servizo municipal, porque lembra que aínda que o servizo sexa licitado é un servizo municipal.

Sinala a sra. Lemus que lle chama a atención que no texto, nas diferentes alternativas que formula o sr. alcalde, sempre comenta o mesmo, e se lle nota a idea, pois fala do prego de prescricións técnicas e logo tamén concreta, neste caso oralmente, que pode ser por xestión directa, pero fala dun elemento fundamental da licitación, co que se vai vendo por onde vai.

Expón que de todas formas o que xa lle da pé a pensar que non se vai saír deste tema é o referente ás taxas. Taxas, por outro lado, inxustas, que as aprobou o sr. alcalde co seu goberno, por maioría absoluta, en outono de 2011. Sinala que xa daquela se falara moito e moitas veces desas taxas inxustas, e recoñece ter parte de culpa ao cogobernar con eles, pero prefire que non se fagan ese tipo de análises, un pouco raros, de taxas inxustas porque diferencian rural e urbano, cando se lles lembrou moitas veces que había casas colindantes que pagaban distintas taxas. Reitera a sra. Lemus que foron unhas taxas aprobadas polo entón BNG, que xa estaba a romper, xusto despois das eleccións de maio de 2011. Sinala que foi unha das primeiras decisións dese goberno, vinculada ademais ao contrato de lixo, que era do ano 2010.

Salienta a sra. Lemus que non hai unha análise minimamente profunda e sobre todo o único que hai son algúns datos e moita ideoloxía, engadindo que entende que se goberna con ideoloxía, pero que si é certo que chegados a este punto non hai enriba da mesa un documento mínimo e iso chócalle.

Opina a sra. Lemus que os documentos que o sr. alcalde achega ao Pleno, e que presentou moi ben, son os mesmos que achegou en xaneiro e de aí non se saca ningunha conclusión sobre os custes dos servizo en Teo. Manifesta que pouco lle interesa o custo do servizo de Porriño, menos o de Narón, e algo máis o de Ames, por iso de que hai xente que coñece, pero pouco máis. Sinala que o que interesa sobre todo é cales van ser os custes económicos e chegados a este punto quere presentar un rogo, máis que unha suxestión. Di que, tendo en conta que vai entrar en precario e que o contrato do lixo supón unha contía suficientemente elevada, primeiro quere que, incluso por deferencia ao seguinte goberno, sexa quen sexa, quede en precario ata que entre o novo goberno e tome unha decisión sobre o que quere facer con ese novo

contrato. Salienta a sra. Lemus que di isto porque pensa que o sr. alcalde está xogando cos datos que ten e iso non pode intentarse negociar, ou levalo outra vez mais á Xunta de Portavoces, para conseguir acordos plenarios na Xunta. Di que se lles deron suficientes oportunidades durante os últimos cinco meses para que plantexaran as fórmulas necesarias e xa van moitos anos coa prórroga enriba da mesa, e prórroga tras prórroga vaise entrar en precario.

Segue dicindo que se vale a fórmula en precario, que ademais é certo que serve, non habería problema porque é un servizo fundamental, que o seguinte goberno considere o que sexa, xestión directa ou indirecta e que o faga.

A sra. Lemus refírese ao modelo de Pontevedra, do cal se falara no seu momento, e di que lle chama moito a atención, e que o comenta moitas veces Lores, que non está a favor de ningún tipo de municipalización, salientando que hai un mes sacou o contrato a licitación de todo o lixo e parécelle moi correcto pola súa parte que lle deu extrema importancia á participación pública.

Pensa a sra. Lemus que pode haber moitas ideas de como se está recollendo o lixo e moitas queixas pero si que é certo que hai un montón de problemas relacionados con núcleos espallados, diseminados, determinados elementos que hai que escoitar tamén, e que é ademais unha forma de fomentar esa cultura de compostaxe, porque se se mete á xente na toma de decisións da recollida do lixo van a ser plenamente conscientes de que eles van a ter que participar en algo.

A sra. Lemus di que lle agradecería ao sr. alcalde que repensara esas planificacións, os plans que ten, pois a ela non lle parecen xustos para o resto dos trece concelleiros que están na oposición. Considera que non se pode sacar en quince días o que o sr. alcalde non sacou en dous anos. Reitera que agradecería polo tanto que repensara esa fórmula e que se pense en deixar en precario ata o seguinte goberno, e que este tome a decisión que considere necesaria.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, D. Jose M. Guerra Calvelo, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que ao parecer algo si que se aprendeu despois das cinco últimas municipalizacións de diferentes servizos, e é que por fin se achega unha análise

pormenorizada a un Pleno. Sinala que se poden compartir ou non as cifras que se ofrecen, pero recoñece o esforzo de ter traído toda esa información e compartila publicamente, máis aló do ámbito das xuntas de portavoces ou ámbitos de carácter máis privado.

Di o sr. Sánchez que tamén é certo que lles da a sensación, logo da comparecencia deste día, de que se está nunha situación de interinidade permanente, e niso concorda coa valoración que fixo a portavoz socialista. Explica que é a sensación de que se está sempre con este tema nunha fase previa e recoñece que hoxe dende o seu grupo esperaban máis por parte do sr. alcalde. Esperaban unha información algo máis definitiva, que se lles dixera por exemplo que hai dous sistemas posibles, que con tal sistema o servizo vai ter tales custes, e co outro sistema terá estes outros custes, que pola xestión directa os beneficios van a ser tales e pola xestión indirecta van a ser outros, se se van manter as taxas ou cambialas...etc. En definitiva esperaban unha proposta moito máis definitiva na que todos puideran decantarse para unha determinada decisión ou outra, e que ao final hai que tomala en quince días, un prazo non moi razoable para un custo tan alto.

Salienta o sr. Sánchez que a decepción do seu grupo foi comprobar que hoxe non hai iso. Si que pensa que na análise que se fixo, ou el o entendeu mal ou coa cantidade de datos que se aportou había lugar a xogar con certas cifras comparativas.

Sinala que, por exemplo, un servizo mediante licitación non contempla a xestión do punto limpo mentres que a xestión directa si que o contemplaría, ou ao revés. O que terían que saber sería canto custa en Teo a xestión do punto limpo, para poder comparar unha alternativa coa outra.

Pensa o sr. Sánchez que os datos son relativamente collidos por pinzas, no referido ás análises con respecto a outros concellos, e que aínda que tamén importan para tomalos como referente nunha fase previa, o certo é que xa non se está nesa fase, pois estase a quince días de ter que tomar unha decisión e aínda non se sabe nin canto vai custar o servizo, nin os beneficios que vai traer para os veciños, nin se lle vai custar máis ós veciños ou non, é dicir, unha información que se necesitaba.



O sr. Sánchez di que agradecería que se lle respostara ás seguintes cuestións que plantexa, que se reproducen a continuación:

- 1.- Qué beneficios para a veciñanza ten a prestación a través dun sistema de xestión ou outro ?.
- 2.- Vanse subir as taxas ou non?.
- 3.- Canto custa aproximadamente a xestión do Punto Limpo en Teo?.
- 4.- Con respecto aos contedores, a quen lle correspondería a propiedade e os cargos dos custes?. Sinala o sr. Sánchez que non lle quedou claro se son propiedade do Concello ou non. Entende que serían de quen xestione o servizo, tanto se fose por licitación como por xestións directa, pero prefire que se lle responda.
- 5.- A que se deben as diferenzas das datas da nova concesión ou xestión directa?, é dicir, por que sendo por xestión directa se asumiría antes. Entende o sr. Sánchez que se debe aos prazos administrativos habituais, pero lle gustaría que quedase claro.

O sr. alcalde responde que eses prazos corresponden aos procesos administrativos.

O sr. alcalde sinala que en todo caso el pensa que a cuestión fundamental vai a ser a toma de decisión sobre se a xestión é directa ou non. Di que evidentemente hai cuestións que na xestión directa teñen vantaxes, como é a toma de decisións, que é directa pola Corporación e hai moita máis versatilidade para calquera asunto que xurda, pero que a cuestión fundamental para tomar a decisión é unha cuestión económica.

O sr. alcalde explica que se se parte, como di a sra. Lemus, de que non se pode tomar como referencia o que o Concello vai gastar na xestión directa porque a iso hai que sumarlle o beneficio industrial e máis cousas, entón pártese xa de que por principio a xestión indirecta é máis cara. Sinala que é evidente e que iso é o que defenden, por iso están dicindo que hai que ir a unha xestión directa.

O sr. alcalde sinala que o que están tentado é presentar as cifras que van levar a esa orientación e que, se despois a decisión é a outra, asumírase, pois son conscientes de que están en minoría, pero dende logo eles consideran que a parte fundamental da decisión é unha decisión económica e que o Concello non ten por que pagar nin o 6%

de beneficio industrial nin o 13% de gastos xerais a unha empresa para que xestione algo que se pode xestionar de xeito máis barato.

Di o sr. alcalde que iso vai a ser así inevitablemente e que dende logo que van propor a comparativa, é dicir, determinar o custe da xestión directa, e plantexar se se pode sacar a ese custe a licitación pública. Por iso tamén é importante comparar que fixeron outros concellos, e outros concellos están gastando 300 e 400 mil euros máis dos que gasta Teo para o mesmo servizo, coas novas licitacións. Pregunta o sr. alcalde se hai disposición para afrontar eses gastos e sinala que é o que hai que empezar a responder, e que se se di que si evidentemente irase a unha licitación pública e asumírase sen máis.

Sinala o sr. alcalde, tratándose do tema da consulta previa, que se plantexou nalgún momento. Di que iso está moi ben e que naquel momento asumírono perfectamente, o feito de facer un estudo previo como fixeron outros concellos, pero cando se lee algunha consulta preliminar como por exemplo a do Concello de Santiago de Compostela, á que se pode acceder, ao estar na web, e ver as preguntas que alí se fan e as respostas, é obvio que non interesa para nada.

Con respecto ás taxas pensa o sr. alcalde que quedou claro, e se alguén non ten clara a proposta repítea, o servizo é moi deficitario e as taxas do ano 2010 son inxustas por ese motivo. Asume o sr. alcalde que foron quen as promoveron e ademais na práctica di que resultaron inxustas, e xa o dixeron varias veces, e esa diferenciación entre rural e urbano na práctica non existe. Pensa o sr. alcalde que hai equiparar a recollida no rural e no urbano.

Explica que neste momento hai un déficit no servizo de 580.000 €, máis ou menos, e aínda que se subisen as taxas o déficit seguiría estando por riba dos 400.000 €. O único sentido de poñer esas cifras é que hai que ser conscientes do que hai. Se se considera que hai ter un servizo mellor, entón hai que incrementar as taxas, que se estudaría tamén pero, como mínimo, hai que equiparar as de ambas zonas, pois o servizo é practicamente o mesmo, pois o feito de que non se recolla todos os días non se entende en que beneficia ou prexudica a unha persoa do rural.

Considera o sr. alcalde que o importante é que haxa unha recollida eficaz, que non se acumule o lixo nos contedores, que non haxa cheiros, etc., pero haberá que adaptar a frecuencia da recollida ás zonas, igual que se adaptan novos contedores, e igual hai que reducir a frecuencia no urbano porque as características técnicas así o permiten, pero en todo caso esa é a proposta que achegan, sendo esa equiparación lóxica con respecto ás taxas.

Sinala o sr. alcalde que efectivamente 15 días é moi pouco tempo, pero non hai problema xa que, unha vez que estean todos os números enriba da mesa, a decisión vai ser moi fácil, e se en vez de 15 días son máis non pasa nada, se en vez de empezar o 1 de xaneiro empeza o 1 de febreiro non habería problema, porén o que hai que facer é tomar unha decisión seria. Salia o sr. alcalde que se se quere máis tempo para valorar, para facer propostas e demais, nese sentido non habería problema.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, non fai uso da súa quenda.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e pregunta quen vai facer este estudo de custes, se o vai facer o sr. alcalde.

O sr. alcalde di que se vai facer dentro do ámbito municipal, igual que se fixeron os anteriores, os da auga e o resto.

A sra. Lemus di que o pregunta para que teñan en conta determinados elementos, pois mirou as municipalizacións de lixo dos últimos 5 anos e o único que lle saía era de Arteixo, do PP, e o argumentario que daba o alcalde dese Concello era que na mancomunidade pagan 120 € de taxa de lixo e entendía que estaban a pagar os custes do rural doutros concellos. Entón asumiron o servizo e efectivamente baixaron a taxa a 90 €, pero tamén é certo que mirando o contrato efectivamente hai un aforro, non só de material senón de gastos laborais, e acaba de contratar a nove persoas máis, e gastou ademais 5.100.000 € en novecentos cincuenta e cinco contedores e catro camións, e 400.000 € noutros trescentos contedores e un camiión. Sinala que o sr. alcalde fala de renting porque di que é imposible compralos, o que é certo, e que os camiións do Concello de Teo teñen actualmente doce anos. Descoñece a sra. Lemus se a ese

concello lle fan un renting por seis anos, que é o normal para amortizar un camión e que estea en bo estado, porque é o que se considera que ten de vida útil.

Pregunta a sra. Lemus se cos custes que presenta o equipo de goberno só se van mirar os gastos que presentou Geseco no ano 2010 ou se vai a ser unha análise máis seria, tendo en conta que primeiro vai haber que mercar material, porque se se vai manter o mesmo servizo coas mesmas condicións, sen subir taxas, ao mellor incluso o resto de concelleiros lle din que si, que se municipalice. Pero a cuestión non é esa, senón que é que o servizo que existe é do 2010, con moitas eivas, con moitas máis necesidades vinculadas ao crecemento demográfico en urbanizacións da zona, con necesidades novas, e que todo o mundo é consciente, con axustes necesarios, con necesidade de material novo, de persoal novo, entón equiparar a municipalización do contrato de alumeado eléctrico, de parques, das escolas infantís e incluso a Augas de Teo, non sería xusto.

Opina a sra. Lemus que a municipalización do servizo de augas foi relativamente ben feito, foi bastante correcto tendo en conta a existencia dun contrato nulo. Di que este contrato parécelle dunha importancia tal como para que se lle dea unha volta, e se lle deron todos os meses suficientes, engadindo que, tal como opinaba o sr. Sánchez, agradecería que achegaran eses datos.

Di a sra. Lemus que tamén agradecería que se achegara a memoria porque xa leva moitos meses dicindo que iso non funciona así, que non entende por que se teñen que discutir estas cousas en Xunta de Portavoces. Di que nesa Xunta non se toman acordos e pensa que o sr. alcalde optou por unha figura como a Xunta de Portavoces co ánimo de chegar aos Plenos cos temas máis ou menos solucionados, e que as boas palabras quedan nesas Xuntas ou lévaas o vento. Salienta a sra. Lemus que a Xunta de Portavoces non é un órgano decisorio e nel non se ten por que discutir un asunto coma o contrato do lixo. Cree que a Xunta de Portavoces debería ser para falar de determinados temas que ao mellor hai que debater antes de facelos públicos, de cousas das que hai que falar dentro do Concello antes de que saian fóra, pero que o contrato do lixo pensa que é algo do que se pode falar publicamente sen facer un drama.

Pensa a sra. Lemus que a última vez que se falou dun destes temas na Xunta de Portavoces, acordado entre todos, falado por todos para chegar a un acordo, foi no caso do Teo Bus e a verdade é que, exitoso exitoso non foi. Polo tanto non é de recibo que se marquen como asuntos temas que non lle parecen da Xunta de Portavoces, porque non ten capacidade decisoria. Opina que é bo que lles presenten información e se lles conte nesas Xuntas o que se considere pero que se hai algunha dúbida para iso están as Comisións Informativas e logo se debate en Pleno.

Di a sra. Lemus que ve o que quere facer o sr. alcalde, o mecanismo que utiliza é o que utilizou outras veces, que é darlles uns custes económicos nos cales se ve claramente que sae mellor a xestión directa, pero que non fala dos problemas que pode ter unha xestión dun servizo, que son problemas que non se van ver de inicio senón que xorden *a posteriori*, entón, evidentemente entende que con eses datos ningún concelleiro lle podería dicir que a municipalización non é boa.

Lembra a sra. Lemus os problemas laborais que houbo co persoal das escolas infantís municipais, problemas que en principio na memoria non ían por ningún lado e que é certo que ditas escolas son fundamentais para moitísima xente pero que o tema do lixo é un tema que afecta a todos. É un problema de salubridade e non é a primeira vez que se ven estas cousas con contratos de lixo e con folgas de persoal, que loxicamente teñen todo o dereito do mundo, pero que neste caso en concreto xa non é só un problema de persoal, senón de material, pois o Concello dispón de camións de doce anos e como se avaríe un día a ver como se vai recoller o lixo. A sra. Lemus pídelles ao sr. alcalde que lle explique de onde vai sacar un camión do lixo pois estivo a preguntar e investigar e que atopou datos que descoñece se o saben pero que por exemplo un autobús novo tardaría entre seis meses e un ano como mínimo en mercarse, e cos camións do lixo pasa exactamente igual.

Polo tanto, se se vai iniciar o servizo o 1 de outubro e en 3 meses se vai facer unha municipalización co principal contrato do Concello, que se está a falar de 1.100.000 € para arriba, pensa que a Unión Europea debería de contratar a este equipo para Bruselas.

Lembra a sra. Lemus que no Concello de Teo se viviron municipalizacións por anulacións de contratos, como é o caso de Aquagest, e se tardaron meses en

municipalizar un servizo de menor custe. Tamén se viviron municipalizacións vinculadas á disolución de empresas. A das escolas infantís tamén foi en dous meses máis ou menos, aínda que o custe era menor, e en principio parecía máis sinxelo porque o Concello xa dispuña de estruturas, de instalacións físicas, aínda que polo que respecta á organización do persoal é outro tema do cal habería moito que falar.

Salienta a sra. Lemus que porén, neste tema, principalmente depéndese de que hai determinados servizos dos cales o sr. alcalde xa é consciente que hai que licitar, e tampouco falou ademais doutra posibilidade existente, e que están a facer outros concellos, que é licitar por lotes. É dicir, que non todo vai ser branco ou negro, público ou privado, non vai ser así, pois vai a ser máis ou menos privado, porque ou se licita todo ou unha parte, pero vai haber cousas que non se poderán municipalizar.

Reitera a sra. Lemus que dende o grupo municipal socialista recomendan e solicitan que se reconsidera o posicionamento da forma de facer as cousas que ten o goberno, ás bravas, e igual que lle deron dous anos e pico para sacar o novo contrato do lixo, pensa que hai que ser consciente do que se está xogando e que non valería unha memoria feita en quince días, aprobalo rápido e xa está, senón que hai que ser un pouco serios e amosar eficiencia na xestión dun estudo.

Di a sra. Lemus que está moi ben incluso contratar xente de fóra para facer estudos, incluso estudos socioeconómicos, que é algo que se fai moito no Concello de Teo, e non pasa nada, de feito hai estudos de valoración feitos por determinados servizos que lle pareceron fenomenais, polo que agradecería que reconsiderasen o tema. Pensa que a este goberno quedalle como mínimo ata as eleccións e logo ao mellor seguen ou non, pero trátase dun contrato suficientemente importante como para que sexa o sr. alcalde o que tome esa decisión e moito menos que lla faga tomar á oposición e en menos dun mes.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que que non vai afondar máis no debate porque pensa que xa debeu de quedar claro, e que o único que se precisa agora é que se saiba canto antes, en igualdade de condicións, un servizo de xestión directa canto custaría, e un servizo de xestión indirecta canto custaría e canto sería a través de licitación, e en base a iso tomar a decisión. Sinala que precisamente iso era o que o seu grupo agardaba que achegara hoxe o sr. alcalde, dunha forma detallada e

pormenorizada, coa correspondente documentación e dun xeito serio. Reitera o sr. Sánchez que lles da a sensación de que están nunha fase previa cando non é así. Sinala o sr. Sánchez que, dito isto, vai proceder a facer unha análise política, que non tiña pensado facer pero que non pode deixar pasar.

Explica que o que máis lle sorprende en todo isto é que o PSOE se sorprenda, que amose hoxe a súa indignación, pois é o que se está facendo dende que gobernaban xuntos, e que o PSOE estaba encantado da vida e nunca dixo nada.

Sinala o sr. Sánchez que en cinco procesos de municipalización o seu grupo en todos dixo o mesmo, e que por fin hoxe o PSOE comparte o discurso, que é que ou ben se fixeron procesos sen os estudos previos exhaustivos correspondentes, ou ben se fixeron procesos de municipalización *in extremis*, cando xa non quedaba outro remedio e cos prazos enriba da mesa.

Di o sr. Sanchez que, con respecto á municipalización do servizo de auga, do 2014, se leva a Pleno a decisión practicamente tomada de que se vai iniciar o proceso. O PSOE estaba encantado daquela e ninguén dixo nada, e o PP dixo o de sempre. Reitera que o seu grupo non se opón a que se faga unha municipalización, que en ningún proceso se opuxo, que o único que piden é que se faga ben, porén o problema foi que non se fixo ben. Dixeron dende o primeiro momento que a toma de decisións acerca dos procesos de municipalización se estaban tomando en base a motivos estritamente ideolóxicos, sen facer unhas análises exhaustivas previas.

Explica o sr. Sánchez que tardou un ano en aparecer o informe, ata que se fixo o proceso de municipalización dese servizo, o de auga, e que o servizo comezou o 1 de outubro de 2015 sen saber como se ía facer, quen o ía facer, como se ía levar a cabo, se lle ía afectar aos veciños nas taxas, que é realmente o que máis lles preocupa, e que aínda así o PSOE estaba encantado. Pero hoxe ese mesmo partido colga imaxes nas redes sociais de que o servizo non é correcto porque chega auga con barro ás casas. Continúa dicindo que o levan sinalando dende que se municipalizara o servizo e que o PSOE estaban encantado, polo que non entende por que se sorprenden agora.

Dirixíndose á sra Lemus, o sr. Sánchez di que segundo esta concelleira o proceso de municipalización da auga foi exemplar, que non escoitou máis que “eslóganes” dende o

ano 2015 respecto dese servizo, pero que aínda falta unha soa rolda de prensa na que o sr. alcalde explique cales foron os beneficios, se mellorou o servizo, canto é o que aforran os veciños, e ese tipo de datos. A día de hoxe ningún veciño ten a sensación de que se aforrara nin un só euro co servizo de municipalización da auga, e sen embargo o PSOE está encantado.

Salienta o sr. Sánchez que cando se municipalizou o servizo das zonas verdes tamén aconteceu, e cando se municipalizou o da limpeza e o do mantemento eléctrico, en todas esas ocasións o PP dixo exactamente o mesmo, que non se estaban facendo os informes previos de forma exhaustiva. Pensa que foron procesos que se fixeron con nocturnidade e alevosía, e nos que se denunciou no seu momento a falla de transparencia, e aínda así o PSOE estaba encantado, polo que segue sen entender por que se veñen indignando agora.

O sr. Sánchez di que probablemente para o PSOE non teña moita importancia o servizo das escolas infantís, pero, se non lle falla a memoria, foron trinta e sete traballadores os afectados. Considera que, como dixeron dende o primeiro momento, non se pode propoñer a mes de xuño unha municipalización para comezar en setembro.

Reitera o sr. Sánchez que non se poden facer as cousas así, que non había información previa suficiente, non se pode facer en Pleno verán, ás présas e correndo, porque os tempos administrativos bótanse enriba, pero o PSOE seguía encantado. Pregunta o sr. Sánchez que se fai agora, qué foi o único que cambiou, engadindo que o único que cambiou é que antes o PSOE era amigo do sr. alcalde, era necesario, e agora está na oposición e ten que facer o paripé e piden unha comparecencia. Iso é o que cambiou e esa é a única diferenza.

Pensa o sr. Sánchez que se hoxe o que quixeron era ter ese minuto de protagonismo dálles a benvinda e a noraboa aos representantes do PSOE, aínda que sempre apoiaron ao goberno co que está facendo, e o PP nunca se opuxo ás municipalizacións. Di o sr. Sánchez que quere deixalo claro por se non quedou suficientemente claro, que ao igual que nas cinco municipalizacións previas tamén vai pasar nesta, como parece que vai a ser o que se vaia facer aínda que non está tomada a decisión.



Reitera o sr. Sánchez que lle sorprende que dende o PSOE se sorprendan, e que se imaxina que do que se sorprenderá a sra. Lemus será de si mesma, pois é o que leva apoiando dende hai sete anos, e se lle sorprende a municipalización ou non do servizo do lixo daquela non se imaxina se ela se mirase a si mesma dende fóra porque a sorpresa sería maior.

O sr. alcalde sinala que lle parece que non comparten os mesmos sitios porque, non roldas de prensa, pero intervencións con estudos comparativos, sobre o tema da auga e outros, leva feitos algúns.

Segue a dicir que quere que calquera que, despois de 5 servizos municipalizados, considere que non é a mellor forma de xestión, que se fixo mal ou que os resultados fosen malos, que o demostre. Sinala que el pode demostrar que calquera deses servizos está funcionando con menor custe que coa licitación externa, e con moito mellor servizo.

Sinala o sr. alcalde que é certo que hai problemas de turbulencia, pero que se se quere saca a lista de todas as incidencias previas á municipalización sobre a turbidez da auga, habendo bastantes menos na actualidade, e iso é demostrable. Sinala que existe ese problema e que se está intentando corrixir e se está avanzando niso.

Considera o sr. alcalde que é bo comparar, aínda que certamente algúns teñen máis complicación, como pode ser o tema das escolas infantís, e que se alguén veu o informe de intervención, da equiparación, aí suxire que se faga unha contabilidade separada nas citadas escolas. Sinala que non hai ningún problema, que se pode facer, como está a da auga, para demostrar que o sistema é eficaz e que a municipalización funciona.

O sr. alcalde sinala que con camións de doce anos a cousa está complicada, e que evidentemente se a xestión fose directa habería que mercar camións, pois non se pode dar ese servizo sen eles. Pero que se o Concello os ten que mercar tamén o tería que facer a empresa privada que quixera xestionar o servizo, e a diferenza é que a empresa privada teríalle que sacar un rendemento, e o Concello non. Entende o sr. alcalde que esa é a diferenza entre a xestión pública e a privada, aínda que,

evidentemente, o que hai que facer é determinar as necesidades e a forma do investimento para realizalo.

Sinala que como mínimo vai haber que mercar dous camións grandes de recollida do lixo. Se se toma un período de dez anos que é o que están asumindo todas as empresas de lixo en todas as licitacións, pois é o período de amortización do material, habería que mercar dous ou tres camións e facer un plan de financiamento como faría unha empresa, exactamente igual.

O sr. alcalde, dirixíndose á sra Lemus, dille que que diga que as escolas infantís non tiñan relevancia, cando só de persoal estase a falar de máis de 650.000,00 €, é dicir, o que custa hoxe o servizo de recollida de lixo, tratándose polo menos dun servizo de xestión tan importante e ademais tan sensible ou máis.

Di que se non se queren facer xuntas de portavoces el non se vai empeñar en facelas, e faranse para xogar ás cartas ou debater o que se queira, pois a súa intención non era tomar decisións nesas Xuntas, senón achanzar camiños, facer propostas e demais, pero que tampouco hai ningún problema en vir ao Pleno, se é o que se pretende, cunha proposta pechada e que o resto decida o que queira, e se actuara en consecuencia. Salienta que o que non vai facer é inactividade e o contrato do lixo, dunha maneira ou outra, vai a quedar arranxado nesta lexislatura e a poder ser en funcionamento a primeiros de ano. Salienta que o goberno municipal funciona e fai as cousas que ten que facer, engadindo que se atrasará un pouco, polas circunstancias, ou polo que sexa, pero que vai haber contrato do lixo, contrato de xestión privada ou pública, ou o que sexa, pero antes de final de ano.

Sinala o sr. alcalde que se valorarán as cuestións, porén vaise seguir co calendario previsto, aínda que non se vai a forzar en absoluto a toma de decisións. Todas as cuestións que se queiran debater, comentar, propoñer e revisar, con asesoramento ou sen asesoramento, vaise tirar para adiante, para que o resultado que sexa o mellor posible, pero que obviamente se vai a ir nesa dirección.

Sendo as vinte e unha horas e vinte e catro minutos, o sr. alcalde da por rematada a comparecencia.

## **6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A INSTALACIÓN DE PANEIS DE COMUNICACIÓN SOCIAL.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 7 de maio de 2022 (rex. entrada nº 2.199, de 12/05/2022), que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 19 de maio de 2022.

“MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE PANEIS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

### **Exposición de motivos**

No concello de Teo, ante a falta de soportes para a comunicación social que poidan ser usados por asociacións, partidos políticos, sindicatos, comisión de festas e industrias culturais, entre outros, para daren a coñecer as convocatorias das actividades que desenvolven ou outras informacións ou opinións, atopámonos coa colocación de cartelería en lugares inapropiados debido, xustamente, á falta de espazos adecuados a este fin.

Facilitar a comunicación social debe ser unha prioridade para calquera goberno municipal que considere a participación un obxectivo para o concello que preside. Non se require grandes investimentos inmediatos e si unha decisión política firme que faga unha programación realista para a incorporación progresiva de paneis en todo o ámbito municipal, empezando polos puntos de máis visibilidade.

Por todos estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar ao goberno municipal para que habilite espazos para comunicación social, en emprazamentos visíbeis e transitados, en todas as parroquias e nos núcleos do concello onde se considere de interese”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus sinala que como non estaba na Comisión informativa entende que o que quere pedir son espazos para comunicación social que sexan diferentes aos xa existentes.

A sra. Castelao resposta que si.

A sra. Lemus manifesta o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e manifesta que van apoiar a moción.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen manifesta que están totalmente de acordo coa cuestión, engadindo que se están estudando posibilidades, porque realmente non é moi doado, xa que hai que buscar un modelo que se adapte un pouco ao fin, tamaños, localizacións e demais.

Explica que antes de que remate o ano terá algunha proposta concreta pero que si é fundamental porque o certo é que diariamente se atopan con moitos usos non axeitados dos paneis de bandos por parte de funerarias, comisións de festas, etc., e que o que están facendo é limitando precisamente que os paneis de bando teñan a súa efectividade.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda instar ao goberno municipal para que habilite espazos para comunicación social, en emprazamentos visíbeis e transitados, en todas as parroquias e nos núcleos do concello onde se considere de interese.**

## **7.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se se quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao sinala que presentaron por rexistro un rogo sobre o estado lamentable no que, ata hoxe pola mañá, estaba aldea de Mouromorto. Indica que non só é na pista que vai de Mouromorto a Espasande, que xa viron como estaba. Sinala que o di porque hoxe pola mañá apareceu limpa, do cal se aledan moito. Sinala a sra.

Castelao que seguindo esa pista cara arriba hai moitas arquetas que están tupidas e era bo que se revisara toda a zona de Mouromorto, porque non so é na zona de Espasande, polo que facer unha revisión global parece o correcto.

O sr. Igrexas di que iso hai que aclaralo ben. Di que se fixo porque aí si que era unha zona na que o crecemento da herba era bastante alto. Toda a zona de Mouromorto se vai cortar no mes de xuño, toda a aldea no seu conxunto. E logo hai un problema que é que o que se estaba propoñendo para o sistema de limpeza, xa que hai que habilitar un novo servizo que sexa o de varredura de todas as beirarrúas que se están facendo porque ao non facer ese mantemento acumúlase terra e medra herba. Sinala que iso rematará sendo un servizo de limpeza viaria non de parques e xardíns.

A sra. Castelao di que unha cousa é o sistema de varrido, de operarios, o que se estaba falando, e outra cousa é que entre unha obra recentemente feita que naza herba entre a beirarrúa, iso xa non é cuestión de limpeza, é cuestión de que o material non será bo. Considera que non é lóxico, que entre unha beirarrúa e a estrada naza herba desas dimensións.

O sr. alcalde di que aí tamén hai que ter en conta que a estrada está máis alta e deriva cara o lado e cando chove acumula terra. Antes a terra esvaraba para as leiras do lado, porén agora ao ter esa beirarrúa a terra vaise acumulando en vez de esvarar para a leira. Entón aí iso vaise acumulando e pasa como nos tellados, que ao cabo dun tempo hai herba que nace aí, e iso é ao que tamén se refería como servizo novo que si que hai que contratar porque vai haber que facelo por todos os sitios onde hai beirarrúas.

Explica o sr. alcalde que é distinto dese caso especial do que fala a sra. Castelao, e di que se mirará para comprobar que a execución foi conforme.

O sr. Igrexas di que con respecto ao pavimento está pendente do tema do seguro porque iso foi un tractor que o desfixo todo cunha carga alta e marcha atrás, polo que está pendente dunha reparación.

2.- A sra. Castelao comenta que baixando dende a igrexa de Bamonde cara ao cruce que vai para Cachóns e outro para Ribas, hai uns cables que van ao medio da beirarrúa que se vai montar. Preguntan os veciños se non se van quitar, porque xa está preparado para botar o cemento ou o que sexa, e a beirarrúa xa está coa grava.

Explica que en tema de eliminación de barreiras, unha persoa que teña mobilidade reducida xa non pode pasar por alí, e outra persoa que por sorte non teña esa mobilidade reducida ou baixa á estrada ou vai en cuclillas.

O sr. alcalde di que haberá que esperar a que acabe a obra. Di que se non se sacou de momento é por algunha razón, engadindo que seguramente se pode sacar pero hai que buscarlle un lugar alternativo.

3.- Sinala a sra. Castelao que a mediados do mes de abril, máis ou menos, unha asociación presentou por rexistro unha solicitude dun local, dunha casa común ou dun espazo no que poder gardar os seus fondos e poder poñelos a disposición de investigadores ou persoas que poidan ter interese nesa consulta. Considera a sra. Castelao que se trata dunha idea moi boa e é un luxo que ese material poida chegar a ser accesible para os veciños e veciñas de Teo e doutros concellos. Supón a sra. Castelao que esa solicitude xa estará contestada e asignado un local ou un espazo para tal fin, e gustaríalle saber cal é.

O sr. alcalde explica que por cuestións de principio consideran que as asociacións non deben de ter locais municipais. É dicir, si que teñen que poder facer uso de locais municipais e usalos e si que se está traballando porque hai necesidades de asociacións que requiren de espazos para gardar a documentación administrativa e o que sexa. Así, por exemplo, no pavillón de Calo habilitouse un espazo no que todas as asociacións deportivas aparte de reunirse poidan gardar esa documentación, pero non é exactamente un local en propiedade.

Explica que se herdaron un montón de asociacións con locais que condicionan moito porque deixan sen posibilidade de actuación pública e de uso por todos aos locais municipais. Tamén é certo que hai situacións especiais. Precisamente se están estudando as posibilidades existentes e como se pode regular iso.

A sra. Castelao di que neste caso se está falando dunha asociación que ten feito catalogacións e rexistros de numerosos bens culturais teenses, ademais de publicar artigos e libros que dan conta da historia e do patrimonio de Teo. Posúen un gran número de exemplares únicos e están agasallando a todos os veciños e ao Concello

con amosar este material, polo que espera que sexa especial porque tamén é moi especial o que están facendo polo Concello e polos veciños.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, formula os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus comenta que hoxe os veciños de Fornelos lle dixeron que están xa comezando a limpeza de cunetas e que non é a primeira vez que ela o di aquí, que se falara de que despois de Semana Santa ía haber unha reunión cos veciños para a posibilidade de incluír o saneamento. Logo houbo unha reunión cos de Parque Montouto e entón sería a seguinte, e agora están limpando as cunetas. Pregunta se non vai haber saneamento ou se van a reunirse con eles agora que están xa traballando.

O sr. alcalde di que se fixo un intento de reunión que non foi moi produtivo pero en todo caso comunica que das cinco casas só hai dúas que teñen solicitado saneamento, e precisamente as dúas máis afastadas, e que ese saneamento ten un custe de 70.000 euros, e obviamente considérase que non se poden gastar ese importe para dar servizo a dúas casas.

A sra. Lemus di que é importante que quede claro.

O sr. alcalde di que se lle vai comunicar ás dúas que solicitaron o saneamento.

2.- A sra. Lemus pregunta por Ribas, di que tamén se falou nalgún momento dun bombeo, e que un día que foi pola mañá a unha destas Xuntas de portavoces falou con Andrés, co técnico de augas, e lle dixo que non sabía nada do tema do bombeo de Ribas, desas catro casas, que se acordaba de que o falaran cando a sra. Lemus estaba en urbanismo pero que non volveu saber nada máis. Lembra a sra. Lemus que parece ser que segundo os cálculos non era tan gravoso e pide que, se pode ser, se mire tamén a posibilidade de colocar abastecemento.

O sr. alcalde di que ese non ten problema porque é un custo de 25.000 ou 30.000 euros para dar servizo a varias casas, engadindo que vai a depender un pouco da programación do traballo.

3.- A sra. Lemus di que hai unhas corenta sinaturas do Sebe, polo tema da Fibra. Sinala que o sr. alcalde quedara de falar con eles para explicarlles o asunto de que non é unha competencia municipal e todo iso.

4.- Sinala a sra. Lemus que o 2 de febreiro presentou por rexistro a necesidade dun espello en Ameneiro, na Rúa do Muíño do Mondelo 7-9, nese cruce, e pregunta se se vai colocar ou non.

O sr. Igrexas pregunta polo documento e a sra. Lemus se compromete a entregarllo.

5.- A sra. Lemus sinala que o sr. alcalde tamén quedou de mandarlle os datos do contrato de desatascos.

6.- A sra. Lemus interésase pola praza de xardineiro. Sinala que debe de estar pendente de resolución, porque parece ser que hai bastante atraso na publicación e non se sabe o que pasa.

O sr. Igrexas di que aínda non está adxudicada. O sr. Igrexas di que o tribunal resolveu e debe de estar pendente de publicación. Pensa que había unha dúbida sobre a valoración dun curso e que ían facer unha consulta, porque parece ser que é bastante complicado, resultando ademais que están todos moi separados por décimas.

7. – A sra. Lemus sinala que nos números 43 e 45 de Bustelo, onde hai tres casas, precisan asfaltado, e tamén preguntaron se era posible enganchar o saneamento. Salia a sra. Lemus que xa se falara hai anos do tema e seguen falando do mesmo.

8.- Interésase a sra. Lemus pola nave de cepillos de Augas Mansas e pregunta se se seguiu a negociación ou como está o tema.

O sr. alcalde di que non porque ademais cos cambios que se están producindo no SAREB pensa que a interlocución que tiñan está bastante desaparecida, aínda que supón que se poderá retomar en pouco tempo.

A sra. Lemus comenta que lle faláron de que está totalmente aberta e que é moi perigoso, que xa se pechou unha vez pero parece ser que volve estar aberta. Pide a sra. Lemus que se mande un aviso á propiedade para que pechen.



9.- A sra. Lemus di que lle preguntan varios comerciantes polo pagamento a terceiros, é dicir, polo pagamento por parte do Concello de determinadas facturas incluídas gastos de nadal, os “rascas e ganas”, e despois diferentes facturas doutro tipo de contratistas que non teñen que ver con comerciantes, senón doutros contratos ou comercios, que se queixan da tardanza e na demora de pagamento. A sra. Lemus salienta que sempre di que nestas cousas a un contratista dos grandes que se lle deben 150.000 euros ten unha relativa importancia porque teñen pólizas de crédito, pero que a un pequeno, sobre todo cando se trata de favorecer ao comercio local, pide que non se lle poñan máis cargas que pagarlles en seis meses as facturas do Concello. A sra. Lemus quere saber se hai algunha explicación desta demora e cando se vai solucionar.

A sra. López di que o pagamento de facturas non é unha cuestión política, senón dos traballadores, que teñen uns prazos, e houbo uns ingresos que se atrasaron, por parte da Deputación. A Deputación pagou certamente tarde e polo tanto os ingresos atrasáronse pero hoxe en día están pagadas as facturas dos comerciantes ata finais de febreiro. Explica que tratándose do “rasca e gaña” moitos deles non presentaron a factura ata marzo e están sen pagar, pero tamén eles tiveron dous meses de atraso. Sinala a sra. López que ela tamén fala con eles, e están ao tanto diso. A sra. Álvarez preguntalle á sra. Lemus se ten algunha idea para axilizar os pagos, como facía ela, xa que ela o que fai é ir a Intervención e isto é o que lle din.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

- 1.- O sr. Guerra pregunta pola estrada de Cornide a Bascuas, sinalando que segue desfeita.
2. - O sr. Guerra pregunta por unha pista de Eo dos Ferreiros, do número 16 ó 33 por dentro, que tamén está nun estado deplorable
- 3.- O sr. Guerra sinala que a pista de Procelas a Tras do Eixo está igual.
- 4.- O sr. Guerra sinala que no lugar de Fixó, Calo, no 81, quedou un tubo sen meter ó principal e tamén se queixan a ver se se repara o pavimento que tamén está desfeito.

5.- O sr. Guerra di que lle comunican tamén que a estrada que vai do número 33 de Cesar ao centro da aldea de Folgueiras está moi mal, e ademais a herba invádea.

6.- A concelleira do PP, sra. Nariño, pregunta, en relación cos postes que había no parque de Penelas, que se ía cerrar para poñer porterías, cal foi o motivo de que se retiraran.

O sr. Igrexas di que foi porque a asociación de veciños pediu por escrito que se colocara alí unha tirolina entón os postes non teñen moito sentido.

A sra Nariño sinala que só quería sabelo porque había xente que llo preguntaba.

O sr. Igrexas di que querían unha tirolina como elemento central e os postes no fondo tamén para algún tipo de festa que se faga alí, porén tampouco lles quedaba moi ben entón a asociación pediu un cambio nas propostas que había para ese espazo.

A sra. Nariño pregunta se se mantén o das porterías.

O sr. Igrexas di que prantexaron o cambio de uso cara un uso máis de parque e non retirar as porterías, deixalo como un elemento máis pero non facelo elemento central.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz